

Galicia na Unión Europea: integración e periféricidade¹

ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ

Universidade de Santiago de Compostela

RESUMO

A integración no 1986 de Galicia na UE traerá consigo unha profunda transformación que de modo global afecta á economía, á sociedade e ó territorio. Coa súa entrada refórzase a súa consideración de espazo periférico, dependente e de baixo nivel de desenvolvemento. Ó mesmo tempo prodúcese un reforzamento da Política Rexional Europea, co fin de superar os desequilibrios internos, e das competencias político-administrativas dos gobernos autonómicos dentro de Estado Español. A coincidencia destas variables supón o inicio dun progresivo proceso de modernización co fin de acadar a maior cohesión posible co resto das rexións europeas. Este traballo centrarase na análise dos efectos que sobre Galicia ten a Política Rexional, prioridades e liñas de financiamento, e na valoración, a través de indicadores de síntesis, da dinámica de converxencia levada a cabo desde 1986.

Palabras clave: Galicia, periferia, cohesión, política rexional, Unión Europea

ABSTRACT

The incorporation in 1986 of Galicia into the European Community implies a big transformation globally affecting the economy, the society and the territory. With its entry, Galicia reinforces its conditions of a peripheral and dependent space, with a low level of development. At the same time, a reinforcement of the European Regional Policy takes place in order to overcome the internal disequilibrium as well as a reinforcement of the political and administrative competences of the autonomous governments into the Spanish State. The coincidence between these variables means the beginning of a progressive process of modernization in order to achieve the highest possible cohesion with the other European regions. This work is going to focus on the analysis of the effects that the Regional Policy (priorities and financing lines) has on Galicia, and on the assessment through synthesis indicators, of the convergence dynamics executed from 1986.

Keywords: Galicia, periphery, cohesion, regional policy, European Union.

¹ Este artigo enmárcase nun proxecto de investigación máis amplo financiado pola Secretaría Xeral de Investigación e Desenvolvemento da Xunta de Galicia, con código de identificación XUGA 21001A98.

A Comunidade Autónoma de Galicia desde 1986 intégrase e pertence con tódalas implicacións socioeconómicas e territoriais á UE. Este salto traerá consigo unha nova contextualización espacial que se pode resumir nun reforzamento da situación periférica do espazo rexional. Si ata o momento Galicia era periférica respecto a España, coa súa inserción na Europa Comunitaria pasará a selo tamén respecto a esta, nuns niveis aínda superiores. Á vez que se acentúa o feito periférico, iníciase unha crecente acción encaimiada a favorecer a integración do espazo rexional dentro do contexto europeo mediante plans e programas públicos que tentarán, precisamente, intervir sobre aqueles aspectos que dificultan a cohesión interrexional.

Nestes momentos pónense de manifesto algúns aspectos que nos índican de modo moi claro a debilidade estrutural que Galicia presentaba a nivel socioeconómico e productivo. Un indicador tan sintético como é o do PIB rexional coloca á comunidade moi lonxe dos estándares europeos (entorno a un 60% para unha UE12=100) nun marco nacional onde ningunha das autonomías españolas chega ó nivel medio. Así mesmo convértese nun dos espazos onde a actividade e o emprego agrario acadan maior protagonismo. Galicia, xunto a algunhas rexións de Grecia ou Portugal, conta cunha das máis altas taxas de ocupados nas actividades agropecuarias (no 1986 era dun 34,7% para unha media UE12 de 5,3%). Esta relación aínda que actualmente ten cambiado, sen embargo continúa a manterse como un dos datos que contribúen a explicar a posición comparativa galega respecto á UE (no 1996 o 26,3% dos activos galegos empréganse na agricultura, fronte a unha media UE15 do 5,1%). Sendo tamén unha das áreas onde o sector agropecuario máis aporta á riqueza rexional (o primario representa no 1997 o 8,9% do VAB, mentres na UE15 a porcentaxe redúcese a un 2%).

Os efectos que sobre as estruturas productivas e territoriais galegas tiveron, e teñen, as distintas políticas sectoriais impulsadas desde Bruselas téñense a interpretar de diferente xeito según as variables que se manexen. Por unha parte tópase un discurso coincidente en manifestar que este suceso supuxo un marcado limitador para a comunidade ó debilitar algúns dos piais fundamentais da economía rexional: a actividade agrogandeira, a pesca e como consecuencia todo o seu entramado industrial asociado, e aquelas ramas industriais máis maduras que topan dificultades para subsistir nun marco de crecente competitividade. Ó mesmo tempo insístease na idea de que Galicia, como un espazo de innegable vocación atlántica sofre, xunto ó conxunto das autonomías do Norte peninsular, as consecuencias dunha negociación "a mediterránea" á hora da nosa inserción no entramado europeo, optándose por sacrificar uns espazos que pola súa propia configuración agrolóxica e productiva eran concurrentes coas fortes e consolidadas rexións agrarias da Europa Occidental (pénsese no oeste francés). Non obstante, outras interpretacións relativizan esta hipótese tendo en conta un dato de interés, cal é que a situación rexional nos albores da entrada na UE tampouco era excesivamente optimista, sendo palpables unha serie de fortes atrancos e dificultades de carácter estrutural dentro da estrutura productiva de difícil solución. Precisamente a integración contribúe a precipitar unha serie de reformas e cambios necesarios en vistas do mantemento da

actividade de produción dentro dun mercado único europeo fortemente competitivo. Sin estas profundas transformacións, mesmo nalgúns casos traumáticas, que se experimentaron e se continúan a experimentar nalgunhas ramas productivas (péñese na orientación láctea) sería practicamente imposible garantir a súa pervivencia nun marco económico cada vez máis aberto e con menores restricións arancelarias.

A partir deste momento ábrese un apaisoante debate académico, de difícil consenso polo choque frontal das posturas, entre os defensores e os detractores das consecuencias que sobre Galicia tivo a nosa inserción dentro da UE. As posturas máis críticas poñen de manifesto que as políticas da UE, especialmente a PAC, supuxo unha bomba de relojería no entramado productivo galego agropesqueiro que mantiña unha clara vocación de converterse nun dos piais fundamentais sobre os que debería xirar a economía rexional. Fálase así de perda de empregos agrarios, de peche das explotacións, de dificultades no acceso ós caladoiros internacionais, das cuotas... Tamén se insiste en que opcións estratéxicas para o futuro da autonomía (por exemplo a recente Axenda 2.000) son adoptadas lonxe de Galicia, deixándose un marco de manobra reducido ós axentes decisorios rexionais. Refórzase esta lectura cun dato de síntese: si no 1983 Galicia tiña un nivel de PIB de 61 para unha media UE12=100 (posición 23 entre as 25 máis desfavorecidas), no 1996 a posición relativa é de 60, aínda que neste caso hai que ter en conta a entrada de Alemaña do leste que fai baixar a media relativa, sendo Galicia según o "VI infome sobre a situación socioeconómica das rexións" elaborado pola Comisión Europea unha das comunidades españolas que menos millora a súa situación relativa co conxunto europeo.

Por outra parte é innegable que a autonomía ten experimentado un intenso proceso de modernización nos últimos anos que nos achega ós estándares comúns do entorno europeo. A poboación tende a concentrarse nas áreas urbanas. O emprego agrario redúcese fronte ó industrial e ó terciario, e á vez adquire un carácter máis profesional e opten maiores rendementos por unidade de traballo. Os sistemas de distribución comercial conéctanse ós grandes circuitos internacionais introducíndose potentes grupos empresariais. Os servicios públicos son cada vez máis especializados e completos dando cobertura a un número cada vez máis amplo de cidadáns. As infraestructuras sociais e de apoio á actividade económica medraron notablemente. Desenvolvéronse sectores empresariais puntuais de forte competitividade, mesmo con empresas multinacionais. Os modelos de comportamento social uniformízanse. Experimentábase un reforzamento cultural. Os ratios de poboación universitaria, os índices de escolarización ou a asistencia sanitaria teñen un rápido crecemento. A dispoñibilidade monetaria e a capacidade de consumo das familias galegas refórzase. E, en xeral, os niveis de vida e benestar social increméntanse de modo claro. Todos estas afirmacións, xunto a outras que se poderían citar tenden a relativizar o anterior panorama de mercado corte pesimista, e abren un debate político-académico sobre a incidencia que para a dinámica rexional supuxo a entrada na UE.

1. CONVERXENCIA OU REFORZAMENTO DA PERIFICIDADE

Das anteriores interpretacións pódense extraer conclusións e razoamentos válidos, colocando o debate de fondo nunha dualidade entre a converxencia como un proceso que se debe analizar tanto desde un punto de vista interno, como desde outro externo. Galicia muda de xeito moi rápido algúns dos seus rasgos máis definitorio de perificidade e atraso relativo. Sen embargo nas comparativas coas outras rexións comunitarias a súa posición non se reforza e mesmo se debilita co paso do tempo. Isto colócanos nunha situación na cal pese a que o panorama socioeconómico galego se moderniza e millora en moitas das súas variables, non é capaz de achegarse ós ritmos das rexións españolas ou europeas máis dinámicas.

Para que se produza a converxencia e diminua a perificidade sería necesario que as rexións menos favorecidas, como Galicia, medren a un ritmo porcentual superior ó das rexións máis dinámicas. Para isto, a súa vez, precisaríase que as súas actividades económicas tivesen unhas taxas de crecemento alcistas e fosen altamente competitivas. E neste aspecto tópase unha das claves, quizais, de maior transcendia para comprender a dificultade de superar este contraste. Na actualidade as funcións productivas máis punteiras e que serven de "locomotoras" do conxunto da economía asócianse a un gran compoñente tecnolóxico e de innovación, a grandes investimentos de capital, a recursos humanos moi cualificados, a un sólido acondicionamento infraestructural do territorio, a centros de investigación punteiros, a unha gran especialización dos servicios, á existencia de importantes focos urbanos ou, entre algúns aspectos máis, á localización de sedes de grandes grupos empresariais. Estas funcións son as máis dinámicas, productivas e de maior capacidade de xeración de valor engadido que, como é sabido, ubícanse fundamentalmente nas rexións centrais, mentres que nas periféricas a súa presenza non deixa de ser puntual. Ademais nas áreas máis dinámicas concéntranse os principais focos de decisión política e financeira co cal refórzase aínda a brecha de separación. Na outra cara da moeda as rexións de menor grado de desenvolvemento posúen unha estrutura productiva máis débil: ramas industriais maduras e de baixos rendementos, un forte peso do sector agropecuario, carencias no sistema territorial e, mesmo nalgúns casos, unha excesiva dependencia na toma de decisións económicas de grupos empresariais exteriores.

Desde unha perspectiva europea, os desequilibrios internos existentes entre os diferentes espazos da UE percíbense como un grave problema que pode dificultar a consecución dos obxectivos básicos de Unión Económica e Política. Ante esta situación estímáanse políticas de desenvolvemento para as rexións periféricas e menos favorecidas planificadas a escala continental. Desde a posta en marcha dos Fondos Estructurais destíñanse unha gran cantidade de recursos comunitarios ó financiamento de proxectos para contribuir á millora do marco territorial e económico. Poden resumirse en tres grandes liñas de acción: construción de infraestructuras, cualificación da poboación e aporte de subvencións a determinadas actividades económicas. Nunha primeira lectura a valoración nos fala dun exercicio de solidariedade interterritorial mediante o trasvase de recursos desde as áreas "ricas" da UE cara as máis necesitadas, as Obxectivo 1 que como

Galicia teñen un PIB inferior ó 75% da media comunitaria. En lóxica esta chegada de investimentos do exterior debe contribuir ó reforzamento do proceso de cohesión, pero a súa vez, esta situación pode chegar a reforzar o seu carácter periférico xa que a planificación plurianual (a través dos Planos de Desenvolvemento Rexional) do reparto dos Fondos e dos proxectos que se presentan ós mesmos encorseta parte da capacidade de manobra dos axentes decisorios rexionais que deben supeditar, en aras de conseguir financiamento, as súas liñas de programación estratéxicas ós principios emanados de Bruselas, aínda que en ocasións choque coas lóxicas rexionais. Así mesmo tampouco se debe obviar que a uniformización xurdida das directrices europeas supón a adopción xeral de estratexias comúns, circunstancia que pese á forza crecente do principio de subsidiaridade, pode derivar na adopción de medidas e programas estandarizadas que non se adaptan a todos os sustratos e dinámicas socioeconómicas e territoriais da UE.

2. A BÚSQUEDA DA INTEGRACIÓN A TRAVÉS DA POLÍTICA REXIONAL

A integración da Península Ibérica na actual UE prodúcese nun momento clave dentro da particular evolución histórica deste órgano. Ata o momento, e coa excepción de Grecia, este era un grupo de países ricos unidos por motivacións básicamente comerciais. Coa entrada no 1986 de España e Portugal configúrase un claro dualismo centro-periferia identificable no manexo de case tódalas variables de carácter socioeconómico que precipita unha necesaria macroreforma das liñas de actuación comunitarias. Deste modo no 1987 entra en vigor a Acta Única Europea ideada co fin principal de potenciar a consecución dun Mercado Único Interior. De seguido o obxectivo de acadar a Cohesión Económica e Social no seno europeo vaise converter na guía programática da meirande parte das súas políticas sectoriais. Esta situación acompáñase dunha reforma dos Fondos Estructurais que suporá un importante impulso para as accións públicas orientadas á diminución dos desequilibrios territoriais internos. Mídese isto, en primeiro lugar, por un notable incremento orzamentario e, en segundo termo, pola instauración dun novo procedemento para a asignación dos fondos e subvencións no cal é preceptivo por parte dos estados e rexións que demanden financiamento da UE a elaboración dos chamados Plan de Desenvolvemento Rexional (PDR). Os PDR supoñen a planificación plurianual dos investimentos por parte das administracións públicas ó fin de favorecer a adopción dunha perspectiva integral e coordinada entre os procesos de desenvolvemento económico e territorial. Búscase coa súa elaboración maximizar os recursos existentes e levar a cabo aquelas accións que estimulen as potencialidades propias de cada rexión dentro do contexto europeo. Ó mesmo tempo procúranse reducir as debilidades e carencias que limitan o progreso socioeconómico.

Cando Galicia se integra na Europa Comunitaria vaino facer neste periodo de reformulación organizativa no que a Política Rexional Europea, con todas as súas consecuencias, pasa a ocupar un plano protagonista. Ó mesmo tempo a nivel interno a

consolidación do Estado das Autonomías supón un fortalecemento das competencias rexionais en materia político-administrativa. Por ambos motivos o final do anos oitenta e a década dos noventa aportan para Galicia e os seus gobernos uns márxenes de manio- bra e recursos descoñecidos ata o momento, e un crecente interés por adaptarse ó novo contexto territorial no que se integra. Para o período 1989-93 elabórase o primeiro PDR no cal se recollen as prioridades estratéxicas en materia de investimentos públicos e se pon o acento sobre os principais atrancos que presentaba a rexión de cara a súa plena inserción no conxunto comunitario (Táboa 1). Colócase Galicia como un espacio mar- cadamente periférico, con grandes carencias en materia infraestructural, de forte impron- ta rural e onde a estrutura socioeconómica está ameazada por importantes dificultades para poder adaptarse ós novos tempos. E serán precisamente nestes aspectos onde se centrarán as accións contempladas tanto neste plan plurianual 1989-93, como no seguin- te e actualmente en vixencia 1994-99.

TÁBOA 1. Datos básicos do Plan Desenvolvemento Rexional, 1989-93

ESTRATEGIAS DEFINIDAS	
–	Millora das infraestructuras de comunicación internas e externas
–	Adaptación das estruturas productivas e da súa capacidade competitiva, especialmen- te daquelas baseadas no potencial endógeno rexional e no uso de novas tecnoloxías
–	Corrección dos desequilibrios territoriais internos
–	Millora dos servizos públicos ó fin de incrementar a calidade de vida dos cidadáns
–	Fomento das relacións entre Galicia e o norte de Portugal
–	Coordinación entre as administracións e os axentes privados no tocante ós investimen- tos no territorio.
EIXOS DE INTERVENCIÓN (millóns de pesetas)	
Ordenación territorial e millora das infraestructuras	238.907
Modernización dos sectores productivos	119.668
Promoción do emprego	21.927
Promoción social	214.492
Total	594.994
FINANZAMENTO COMUNITARIO POR TIPO DE FONDO (millóns de pesetas)	
FONDOS ESTRUCTURAIS	
FEDER	114.870
FSE	51.672
FEOGA-O	86.859
BEI	214.492
Total	594.994

Fonte: PDR 1998-83, Xunta de Galicia.

No primeiro período a liña de "Ordenación territorial e millora das infraestructuras" é a que máis recursos percibe (o 40,1% dos totais) co fin de subsanar as enormes carencias nesta materia. Dentro desta individualízanse tres partidas principais. Unha centrada no acondicionamento da rede de transportes terrestres e marítimos e na difusión dos equipamentos rurais. Outra na preservación medioambiental con actuacións en saneamento, obras hidráulicas e de protección. E unha terceira ideada para a construción de infraestructuras sectoriais de apoio a actividades económicas concretas como pode ser a agricultura ou o turismo. Compléméntase este apoio á actividade productiva cunha liña específica de "Modernización dos sectores productivos" (20,1% dos orzamentos do PDR 1989-93). Esta supón aporte financeiro para a adaptación e reestructuración de sectores de actividade en declive, e tamén para o fomento empresarial e o impulso do asociacionismo, especialmente do agrario. Á "Promoción do emprego" adócese unha partida modesta (un 3,6% o total), que actúa especialmente en materia de apoio á contratación de traballadores. Máis peso específico teno a "Promoción social" (supón un 36%). Estamos neste caso ante un "caixón de sastre" no que se inclúen orzamentos para determinados servizos públicos que afectan á calidade de vida dos individuos tales como a educación, sanidade, asistencia social, vivenda e urbanismo ou instalación deportivas e de ocio.

De modo puntual neste marco programático contéplanse actuacións moi relevante para a Galicia contemporánea. A creación das novas universidades de Vigo e A Coruña, a reestructuración sanitaria, o acondicionamento da rede viaria interna, o saneamento da cabana gandeira.... implementáronse en íntima relación coa UE. Tanto polos recursos financeiros aportados por esta a través do reparto dos Fondos Estructurais (para os anos de referencia, de 1989 a 1993 a participación porcentual dos capitais transferidos desde a UE sitúanse nun 21,3% dos orzamentos públicos rexionais), como polo feito que esta institución, dalgún xeito, condiciona parte das directrices maestras da acción pública dos gobernos rexionais desde o momento que os enmarca dentro dos PDR.

Este panorama vaise manter co actual PDR (Táboa 2) coa salvedade que se incrementan os eixos de intervención prioritarios e os recursos financeiros que se reciben (395.205 millóns de pesetas). Este plantéxase como obxectivo fundamental o favorecemento dun crecemento sostible e equilibrado da economía regional, acompañando dunha millora da calidade de vida da poboación e dun maior equilibrio territorial. Nestas liñas principais non se topan moitas diferencias respecto ó período precedente.

A programación organízase en oito eixos de intervención para os proxectos cofinanciados con independencia doutras liñas agrupadas nas Iniciativas Comunitarias e nos Fondos de Cohesión. Respecto ó primeiro bloque, como se aprecia no cadro adxunto, a maior partida correspóndese co eixo "*Integración e articulación territorial*" cun 64% do total do orzamento dispoñible. En esencia correspóndese coa construción e acondicionamento de obras de infraestructuras de comunicación coa finalidade de, por unha parte, favorecer a accesibilidade interna e externa do espazo regional e, por outra, de poñer as bases necesarias para millorar o nivel de vida dos cidadáns e as posibilidades

de competir con maiores facilidades por parte das empresas. En definitiva, perséguese paliar o marcado carácter periférico da rexión e millorar a súa accesibilidade. A U.E. concédelle un alto grado de prioridade, aportando a través do FEDER un 65,5% do gasto total, deixando o restante para as administracións centrais e autonómicas. A súa liña de acción céntrase, a nivel de carreteras, no acondicionamento das comunicacións internas (co que se potencia a vertebración intrarexional), e diversos tramos das autovías de enlace coa meseta, perseguíndose neste caso unha maior integración coas redes transeuropeas de transportes. Intervén, así mesmo, na modernización das infraestruturas ferroviarias, obras de acondicionamento e ampliación de portos e aeroportos, millora dos servizos de comunicacións (telefonía rural) e diversas actuacións de conservación e protección medioambiental.

TÁBOA 2. Eixos de intervención dos Fondos Estructurais para o período 1994-99 (en millóns de pesetas)

	COSTE TOTAL PARTICIPACIÓN		OTRAS ADMINISTRACIONES	SECTOR PRIVADO
	PERIODO 1994-99	U.E. (%)		
Integración e articulación territorial	254.454	65,5	34,5	
Desenvolvemento do tecido económico	63.377	26,1	9,9	64,0
Turismo	3.954	32,2	19,2	48,2
Agricultura e desenvolvemento rural	3.247	70,3	26,7	3,0
Pesca	1.814	41,4	20,5	38,1
Infraestruturas de apoio ás actividades económicas	55.620	60,6	39,4	
Valorización de recursos humanos	12.070	74,6	25,4	
Asistencia técnica, seguimento e información	669	77,8	22,2	

Fonte: Ministerio de Economía e Facenda, tomado do Informe da Economía Galega 1996/97 e Comisión Europea, tomado de Galicia na Unión Europea.

Outro eixo de importancia é o de "*Desenvolvemento do tecido económico*". Neste caso identifícase unha forte participación do sector privado, circunstancia lóxica xa que as empresas beneficiadas deben compartir o custo dos proxectos (o 64% do gasto previsto é aportado pola iniciativa privada). A estratexia deseñada fundaméntase no apoio ás pequenas e medianas empresas como base do desenvolvemento empresarial, prestando especial interés ó fomento da calidade e a produtividade mediante accións de formación laboral. Tamén se promociona a actividade productiva a través do fomento do investimento privado (subvención ós tipos de xuro). Outras accións están encamiñadas á favorecer a innovación tecnolóxica ou á millora das infraestruturas de apoio á produción (solo empresarial).

O "*Turismo*" é outro eixo estratéxico para un espazo periférico como Galicia de enormes recursos naturais, patrimoniais e culturais. Como no caso anterior prevése un réximen de cofinanciación para os proxectos a levar a cabo por parte das empresas turísticas e a Administración. Polas características do espazo galego deseñase unha liña de

acción centrada na potenciación dunha oferta turística de calidade e variada, con actuacións na restauración de monumentos, acondicionamiento de espazos naturais, expansión do turismo de contacto coa natureza, milloras na promoción e comercialización do sector, e, moi especialmente, na potenciación dunha imaxe turística asociada ó Camiño de Santiago. Con esto perséguese unha situación dentro do mercado turístico o suficientemente atractiva como para xerar un fluxo de visitantes cada vez máis importante. A aposta por esta actividade é especialmente forte no campo do Turismo Rural, pensándose neste como unha liña de diversificación dunhas economía rurais cada vez máis debilitadas.

A "*Agricultura e o desenvolvemento rural*" ten como destino principal da súa acción o favorecemento e adaptación da agricultura galega á PAC. O seu instrumento financeiro é ó FEOGA-Orientación, sendo un asunto prioritario para a UE, como o demostra o feito de que esta aporte máis do 70% do capital contemplado dentro dos investimentos do PDR. Diséñanse accións encamiñadas á reestructuración da propiedade agraria (concentración parcelaria, moi necesaria en Galicia), á millora da tecnoloxía agroalimentaria, da calidade dos produtos. E outros moitos aspectos como formación para a xestión da empresa agraria, integración sectorial da produción (favorecendo o cooperativismo), industrialización e comercialización, diversificación das actividades rurais e outras. No seu conxunto foméntase o mantemento de certa actividade agraria na rexión (pese a que a agricultura galega é proporcionalmente unha das menos subvencionadas de Europa e se atopa con fortes limitacións en sectores estratéxicos, como son as cuotas lácteas), cunha finalidade tanto productivista, como de mantemento da poboación rural cuns fins de contribución ó mantemento da calidade ambiental.

As axudas comunitarias no ámbito da "*Pesca*" son xestionada a través do IFOP (Fondo de nova creación para o período 1994-99). Estas centraranse fundamentalmente na renovación e modernización da flota pesqueira, e na transformación e comercialización de produtos. Por conseguinte a estratexia rexional céntrase na reestructuración do sector e no desenvolvemento da acuicultura, así como na millora das pautas de comercialización. Este é un eixo de gran transcendencia dada a importancia directa e indirecta da pesca dentro da economía galega e as dificultades pola que atravesamos tanto á de altura (dependencia de acordos internacionais e redución de acceso ós caladoiros) como á de baixura (antigüidade da flota e carencias tecnolóxicas, reducido tamaño,...). Pese a isto a maior repercusión a efectos pesqueiros sitúase no marco das negociacións políticas para o acceso ós bancos de pesca internacionais, xa que, como é sabido, a capacidade de pesca é moi superior a produción dos propios caladoiros

Polo que respecta ás "*Infraestructuras de apoio á actividade económica*", estamos ante un caso e unha liña de intervención semellante á de "*Integración e ...*": o fornecemento de recursos exclusivamente públicos e maiormente provintes da UE para a construción de infraestructuras públicas. Esta circunstancia ven a reforzar a lectura das importantes carencias que Galicia, como rexión periférica e pouco desenvolvida, presenta nesta materia e que os axentes decisorios entenden que é preciso millorar para

posibilitar un maior desenvolvemento económico das empresas aquí instaladas. Neste eixo intégranse programas de gasificación, electrificación, conservación medioambiental, abastecementos de augas, e outros que redundan nun millor acondicionamento do territorio.

A "*Valorización dos recursos humanos*" convértese nun factor fundamental á hora de calibrar a competitividade dunha estrutura productiva e, por extensión, dun espazo. Para a UE é un aspecto básico e de gran interese e, por isto, aporta un 77,8% do orzamento total do Plan Plurianual, centrando a súa acción en dúas vías. A primeira, na millora do ensino reglado a partir da construción de centros educativos, programas de formación do profesorado,... A segunda nunha formación especializada enfocada cara o mercado laboral: cursos de formación ocupacional, reciclaxe profesional,...

Os Fondos Estructurais planificados a través dos PDR complementáanse por outros dous instrumentos financeiros: os Fondos de Cohesión e as Iniciativas Comunitarias. Os primeiros, xurdidos tralo Tratado da Unión, están ideados para sufragar proxectos de investimento en materia de infraestruturas de transportes e medioambiente exclusivamente nos Estados máis desfavorecidos nos que a media de PIB non chega ó 90% comunitario. Os seus fins son practicamente idénticos ós do FEDER, coa salvedade que neste caso a xestión deste tipo de fondo é competencia directa da Administración Central, sendo a presenza rexional en materia de planificación ou toma de decisións moi reducida. No caso galego concrétese a súa acción especialmente na construción da Autovía das Rías Baixas pois a outra medida contemplada, a modernización do ferrocarril, ten unha incidencia practicamente nula.

Os Fondos anteriores son complementados desde o 1986 polas Iniciativas Comunitarias. Estas son unha clara mostra do crecente protagonismo que a UE está adquirindo nos últimos anos como órgano que marca as directrices de variadas estratexias de intervención pública nos países membros. Neste caso a Comisión diseña unha serie de liñas de intervención nas que marca as prioridades e condicións que deben cumprir aquelas institucións que desexen acollerse ás mesmas. Cóntase cun abundante número de Iniciativas, estando cada unha delas especializadas nunha temática concreta. A súa finalidade é complementar os Fondos Estructurais e plantexar alternativas a problemas específicos. Para Galicia destacan especialmente as Iniciativas Interreg cuyo obxectivo é favorecer o desenvolvemento e integración das áreas fronterizas. Céntrase neste caso nas provincias de Pontevedra e Ourense e, nun nivel operativo, na construción de pontes sobre o Miño e de tramos de carreteras de conexión. Importante son tamén a Iniciativa Leader para o desenvolvemento rural (en Galicia benefícanse 14 comarcas rurais) ou a Urbam para recuperación e rehabilitación de centros históricos degradados (en Galicia actúa en Vigo e A Coruña).

Visto isto poden plantexarse varias lecturas respecto á incidencias das axudas comunitarias en favor do desenvolvemento rexional das rexións máis atrasadas, neste caso de Galicia. Unha primeira sitúanos ante un exercicio de solidariedade interterritorial mediante a transferencia de recursos dos espazos máis dinámicos cara ós menos

desenvolvidos. Con isto búscase por parte das institucións europeas acadar un dos seus obxectivos básicos: o logro dunha Unión Política, Económica e Social. Para chegar a esta Unión é necesario previamente lograr o maior grado de cohesión territorial posible, ó fin de que a existencia de desequilibrios internos non dificulte a súa consecución, xa que dificilmente poden sentirse implicados nun mesmo proxecto grupos humanos ou espazos que presentan grandes desigualdades. Polo cal para que a política emanada da UE no seu conxunto poida asentarse de modo máis forte, faise preciso que todos os membros perciban como un valor positivo o feito europeo, e de aquí radica o seu interese en potenciar o desenvolvemento das zonas máis desfavorecidas. No caso estrito galego, e na outra cara da moeda, téñense feito reflexións respecto ás axudas comunitarias, interpretando estas como unha compensación polo sacrificio que a Comunidade Autónoma experimentou no momento da súa integración na UE. Como rexión atlántica Galicia veu mermada algún dos seus pilares productivos básicos a causa dunha negociación para a entrada do conxunto español que se dou en chamar "á mediterránea". O resultado foi que o norte peninsular, concurrente cos países da Europa Occidental especialmente nas producións agropecuarias, veu afectada a súa capacidade productiva e debeu experimentar traumáticas reconversións xa non só no mundo agrario, senón tamén en determinadas liñas do entramado industrial. Asimesmo tamén se dou en dicir que as axudas procedentes das áreas centrais cara ás periféricas se fan cun dobre fin. O primeiro é o logro dunha maior calidade de vida e un maior nivel de desenvolvemento socioeconómico. Tal circunstancia leva implícito un aumento da capacidade de consumo das familias residentes nas áreas menos favorecidas, co que de modo directo, e xa nun segundo momento, dáse un aumento potencial do mercado existente para as empresas localizadas nas rexións máis ricas, industrializadas e urbanas. Polo que estas poden colocar unha máis grande cantidade dos seus produtos debido a súa maior competitividade relativa.

Sexa cal sexa a hipótese que predomine, ou unha mezcla de todas, un aspecto de difícil negociación é a cada vez máis insistente presenza do feito europeo tanto nas lóxicas de investimento como na acción político-administrativa ou, en definitiva, na evolución socioeconómica. Asístese a un cambio de personalidade de Galicia como espazo rexional, de modo que os nosos modelos de relación social e de produción están cada vez máis estandarizados. Isto é debido a que o marco normativo rexional, cada vez máis importante polo asentamento autonómico, vese supeditado nalgunhas facetas ás directrices comunitarias, levándose a cabo un crecente esforzo por adaptar as nosas normas fundamentais ás europeas (téñase en conta simplemente o corpo lexislativo). Só cabe pensar de cara a un futuro cada vez máis próximo si todo este proceso de adaptación e transformación é digno do esforzo e os costes que nos supón.

3. UNHA DINÁMICA COMPARATIVA CONTRADICTORIA

Xa se puxo de manifesto que os últimos anos supoñen para Galicia un período no que os síntomas de modernización e cambio son fácilmente identificables, e que, sen

embargo estas milloras non contribuíron a reforzar a posición rexional dentro de Europa. Nesta dinámica a situación comparativa que se mantén respecto ó conxunto comunitario presenta unhas claves semellantes para os anos finais da década dos 1980 e boa parte dos 1990. Proba desto son as informacións optidas a través dos informes periódicos publicados pola Comisión Europea, a partir dos cales é posible ter unha referencia do que os expertos e planificadores comunitarios consideran como maiores atrancos para acadar unhas maiores cuotas de desenvolvemento e benestar social. No Marco Comunitario de Apoio correspondente ó período 1988-93 poñíase o acento no carácter periférico, xeográfica e socioeconomicamente, de Galicia. No seu forte peso rural. Na deficiencia do sistema de infraestruturas. Na dispersión da poboación. Nos desequilibrios internos intrarexionais medidos nunha forte dualidade costa-interior. Na progresiva contracción demográfica e no envellecemento poboacional. Ou, entre outros aspectos máis, na excesiva dependencia da nosa base productiva dos recursos naturais da rexión. Tal panorama según o "VI Informe sobre a situación socioeconómica das rexións da UE" mantense nunha liña comparativa semellante. De feito e pese á cada vez maior forza do proceso urbanizador e da terciarización da nosa sociedade, a Comunidade vaise manter como un dos espazos onde o agrario adquire un maior protagonismo e, por conseguinte, unha das menos favorecidas, ó existir unha relación directa a escala europea entre as áreas rurais e as de menor nivel comparativo de desenvolvemento. Como mostra as 25 rexións máis pobres correspóndese coas de máis forte impronta agrícola e rural, debéndose esta circunstancia ás dificultades de reestructuración e diversificación da actividade (ademáis no caso galego a nosa especialización productiva de vocación leitería agrava esta circunstancia).

Tendo en conta a evolución experimentada polas diferentes Comunidades Autónomas desde a entrada de España na UE pódese extraer unha visión máis ampla que permite contextualizar de millor xeito a dinámica rexional galega. Na década seguinte ó 1986 os ritmos de crecementos comparativos do conxunto do estado foron superiores respecto á media UE. De feito os esforzos levados a cabo na procura da cohesión levarón a un crecemento do 2,90% anual fronte á un 2,30% para a Europa comunitaria. É este un indicador claramente positivo, pero que é necesario desagregar para obter unha visión máis próxima á real ó agachar singulares contrastes internos. Cataluña en primeiro lugar cun 3,6% e Madrid cun 3,5% son as rexións de máis forte dinamismo, seguidas das Illas Canarias, polo tirón turístico. A continuación, e por riba da media nacional, sitúanse Murcia, Navarra, Aragón e Andalucía. Na outra cara da moeda, as tres de menor crecemento son Asturias que ocupa o último lugar cun débil ritmo do 1,20%, Castela-León e Galicia, situada esta nun 2,0%. Estas tres, son as únicas que se topan por debaixo do nivel comunitario.

Estase ante unha dinámica na cal os niveis de crecemento téndense a reforzar, precisamente, nas zonas que xa con anterioridade á entrada na UE eran as máis dinámicas: Cataluña e Madrid. Concéntranse nestes espazos os impulsos de desenvolvemento co cal avánzase na cohesión exterior, pero a consta dun incremeneto dos desequilibrios

interiores. Pola súa parte as rexións mediterráneas medran máis rápido que a media europea, tanto como fruto da consabida negociación "á mediterránea" como polas obxectivas ventaxas competitivas que manteñen; especialmente polo seu potencial turístico, polo desenvolvemento da agricultura intensiva e o notable pulo empresarial do litoral mediterráneo. As menos dinámicas nesta comparativa resultan ser aquelas situadas na fachada no norte peninsular, estando caracterizadas pola importancia que na súa base económica teñen producións excedentarias a nivel europeo como os lácteos (Galicia ou Asturias) ou os cereais (Castela-León). Así mesmo conxúgase esta circunstancia co declive da súa base industrial sustentada en ramas obsoletas e en declive como a minería ou a siderurxia (O País Vasco está tamén entre as cinco de menor crecemento) que experimentaron neste período un forte proceso de reconversión.

Nesta situación comparativa o protagonismo na escena nacional de Galicia, así como o groso do espazo do norte e noroeste, tende a diminuír nos últimos anos. A nivel demográfico o peso dunha longa historia migratoria e o envellecemento levan a que a porcentaxe de galegos sexa cada vez máis reducida dentro do Estado. A poboación da Autonomía que no 1980 supoñía o 7,4% do total, no 1996 redúcese a un 6,7%. As claves desta contracción están tanto no débil crecemento rexional (con saldos vexetativos negativos) como no feito de que noutras Autonomías do Estado os ritmos mantéñense a uns niveis alcistas. De feito no período de referencia o crecemento para Galicia sitúase nun 0,4%, mentres no conxunto de España é dun 2,05%. As preocupantes perspectivas demográficas son compartidas por rexións como Asturias, Castela-León, Aragón e o País Vasco, que tamén ven diminuído o seu aporte porcentual. Esta perda dos efectivos humanos vese acompañada, así mesmo por unha contracción do aporte rexional á riqueza nacional. O PIB galego significaba o 6,5% do español no 1980 e no 1996 redúcese ata chegar ó 5,5%. Isto prodúcese pese ó incremento da capacidade de produción da comunidade e da dispoñibilidade monetaria das familias galegas (no 1985 o PIB por habitante era de 1.145.194 pesetas e no 1996 de 1.576.528 pesetas fronte a unhas medias españolas respectivas de 1.396.169 e 1.894.286), sendo debido por conseguinte a que os ritmos de crecemento da economía galega teñen sido menores que os do conxunto estatal (no período de referencia Galicia según datos do IGE só medra máis que a media nacional durante os anos 1988, 1991, 1994 e 1995). Ó mesmo tempo o Valor Engadido Bruto (VEN) a precios de mercado que aporta Galicia ó conxunto español pasa dun 5,9% a un 5,5%, sendo esta circunstancia compartida por outras rexións da fachada cantábrica.

Esta relación comparativa permite plantexar unha dicotomía interna a nivel Estado na cal uns territorios van resultar máis beneficiados da entrada na UE que outros. Plantéxase así un debate entre os espazos do Norte que a nivel comparativo, sobre todo coa área mediterránea, presentan uns ritmos de crecemento menores desde a integración europea. Non cabe duda que a competencia directa que supoñían as vocacións productivas do agro levou a unha dura aplicación dos preceptos da política agraria e pesqueira que afectou de modo desfavorable a Galicia e ó resto das comunidades norteñas. Tampouco o sector industrial se veu moi favorecido. Algún dos espazos de maior

tradicción industrial de España (País Vasco ou Asturias) e outros de industrialización máis tardía e débil (Galicia) experimentan duras reconversións ó contar cunha estrutura empresarial excesivamente dependente de sectores maduros. Naturalmente nesta situación o desenvolvemento dos servizos terciarios de maior especialización non tivo tampouco un excesivo auxe.

No tocante ó emprego a dualidade territorial norte-sur vólvese manifestar. A nivel nacional, e según datos do Consello Económico e Social de Galicia, as rexións que máis ven reducida a súa forza laboral son, por este orden, Asturias, Cantabria, Galicia, Castela-León e o País Vasco. Mentres, na situación contraria aparecen as rexións do litoral mediterráneo, especialmente Cataluña e o País Valenciano. En Galicia o número de ocupados entre o 1986 e o 1996 pasa de 1.005.600 a 899.400 respectivamente, o que supón unha perda dun 10,5% (España no seu conxunto medra nun 14,4% nos anos de referencia). Tal caída afecta fundamentalmente ó emprego agrario que se reduce de modo espectacular tanto polo envellecemento dos titulares de explotación e a falta de reemplazo xeracional, como pola debil rendabilidade de moitos dos empregos existentes (no 1986 traballaban nas actividades agropesqueiras 428.700 persoas, e no 1996 235.200). O incremento do activos na industria e no terciario, pola súa banda non foi capaz de compensar a perda de ocupados. Tamén hai que ter en conta que nesta redución da forza laboral ocupa un papel destacado a perda progresiva de efectivos humanos a nivel rexional e o cada vez máis forte envellecemento demográfico.

Como resumo cabe dicir que a integración e o proceso de cohesión de Galicia respecto a Europa presenta un saldo dual e, á vez, contradictorio. Pois si por unha parte a sociedade e a economía rexional transfórmanse a ritmos acelerados co obxectivo de lograr a ansiada converxencia cos outros espazos da UE, por outra, é constatable que a posición relativa de Galicia dentro do "ranking" europeo mantense nunha situación cuasi parella a do seu inicio, cando non empeorou nalgún indicador de referencia, pois os márxenes de competitividade da nosa estrutura productiva (actividades innovadoras, desenvolvemento de tecnoloxías,...) e territorial (acondicionamento infraestructural, comunicacións,...) non acadan polo momento os niveis das rexións centrais manténdose, por conseguinte, como un espazo periférico.

4. CONCLUSIONES

É dubidoso tralo visto poder chegar a unha visión única do significado que para Galicia como espazo rexional supuxo a integración na UE. Evidentemente somos consciente que este traballo só manexa informacións relativamente simples e, quizais, excesivamente xenéricas aínda que nos permitiron levar a cabo unha aproximación básica a este aspecto. A entrada na Europa comunitaria supuxo, como primeira consecuencia, o reforzamento da posición periférica de Galicia. Ata o momento eramos periféricos respecto a un Estado Español de dinamismo moi localizado, pero a partir do 1986,

pasaremos a selo respecto a un conxunto rexional europeo que fai aínda máis patente os nosos niveis de perifericidade. A nivel de infraestructuras, de produtividade no traballo, de innovación e competitividade nas actividades productivas ou de cualificación profesional estábase, e aínda se está en moitos aspectos, lonxe dos estándares medios europeos. A partir deste intre iníciase unha estratexia político-administrativa que, básicamente, encamiñase a equipararse co resto das rexións da UE. Neste obxectivo programático Galicia experimenta unha profunda transformación nas súas variables espaciais, sociais e económicas motivada, en certa medida, polo interés e necesidade de adaptarse ó novo contexto no que se enmarca. Así as decisións adoptadas polos órganos comunitarios van ter cada vez maior importancia e repercusión no espacio galego. Será precisamente neste punto onde se abre un debate de difícil consenso. Xa que por unha parte insístese nas repercusións que supuxo unha negociación de entrada "á mediterránea", con políticas sectoriais como a pesqueira, a agraria ou a de reconversión industrial que supuxeron nos últimos anos unha perda de protagonismo económico e productivo respecto ó conxunto do Estado. Por outra parte é innegable o proceso xeral de modernización experimentado pola rexión desde o 1986 que foi impulsado, nalgún caso precipitado, pola crecente necesidade de equipararse a uns niveis medios europeos. Nesta dinámica de cambio a chegada de recursos económicos comunitarios, co fin de intervir nas principais debilidades da rexión, acada un papel destacado contribuíndo a subsanar parte importante das múltiples carencias existentes a nivel infraestructural e, en menor medida, noutros aspectos como a formación ou o fomento empresarial. O impulso da política rexional europea así como a consolidación do Estado das Autonomías en España supuxo para Galicia unhas cuotas e protagonismo descoñecidas ata o momento e, vinculado a esto, unha liña de actuación orientada a superar as limitacións da súa situación periférica.

BIBLIOGRAFÍA

- A.A.V.V. (1994): *Integración y revitalización regional*. Asociación Castellano-leonesa de Ciencia Regional. Salamanca.
- Bassard, M. (1992): *Cultura y regiones de Europa*. Oikos-Tau, Barcelona.
- Baudelle, G. (1998): *L'arc atlantique: entre logique atlantique et stratégie européenne*. L'Atlantique, un regard géographique, París.
- CEDRE (1992): *Etude prospective des Régions Atlantiques*. Bruselas.
- Comisión Europea (1995): *Europa 2.000+*. Cooperación para la ordenación del territorio europeo. Bruselas.
- Comisión Europea (1995): *Galicia en la Unión Europea*. Madrid.
- Consello Económico e Social de Galicia (1998): *Informe 1997 sobre a situación socio-laboral da Comunidade Autónoma Galega*. Santiago de Compostela.
- Hildenbrand Scheid, A (1996): *Política de Ordenación del Territorio en Europa*. Universidad de Sevilla. Sevilla.
- IDEGA (1998): *A Economía Galega*. Informe 1996/97. Santiago de Compostela.
- Lázaro Araujo, L (1999): *El futuro de la cohesión europea*. Política Exterior, nº 68, pp 81-95. Madrid.
- Malosse, H (1996): *Europa a su alcance*. Fundación Galicia-Europa. Santiago de Compostela.
- Mella Márquez, X.M., coordinador, (1998): *España en Europa ante el siglo XXI*. Akal, Madrid.
- Molina Ibáñez, M (1996): *Regiones marginales y desarrollo endógeno*. Medio Ambiente y Crisis Rural, pp 159-185. Fundación Duques de Soria, Valladolid.
- Paulet, J.-P. (1998): *Les régions à l'heure de la mondialisation*. Armand Colin, Paris.
- Puyol Antolín, R y Vinuesa Angulo, J. (1995): *La Unión Europea*. Ed. Síntesis. Madrid.